



ANEXO II. CONSENTIMENTO CON COÑECEMENTO DE CAUSA

Don/a....., con DNI..... como parte do proceso de selección de DIVERSO PERSOAL DE PREVENCIÓN DE DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS (BRIGADAS OU MOTOBOMBA) PARA O CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL NO MARCO DO PDR DE GALICIA 2014-2020 COFINANCIADO CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) entendo que se me pedirá levar a cabo diversas probas para valorar o meu nivel de aptitude biolóxica en caso de resultar seleccionado.

Entendo que teño a liberdade para formular calquera pregunta sobre calquera proba. Se por algún motivo non podo realiza algunha proba informarei ao administrador.

Existen certos riscos asociados á realización das probas entre eles respostas anormais da tensión arterial ou da frecuencia cardíaca, trastornos nos latidos cardíacos, desmaios e en casos raros, ataques cardíacos, apoplexia ou morte.

Posto que o meu estado de saúde pode afectar directamente á miña seguridade durante o exercicio, poñerei ao corrente ao administrador de todos os meus problemas de saúde. Así mesmo informarei con prontitude sobre calquera molestia ou dolor asociadas cunha determinada proba aos administradores.

A inscrición para participar no proceso de selección é voluntaria e entendo que son libre de retirarme de calquera proba, en calquera momento, por razóns de saúde.

Igualmente autorizo ao concello a realizar todas as probas necesarias para verificar o cumprimento das condicións de capacidade funcional necesarias para o desenvolvemento do posto de traballo mediante a realización do pertinente recoñecemento médico incluídas probas de alcoholemia e toxicolóxicas. A información sobre a miña persoa e estado de saúde resultante do dito recoñecemento terá a consideración de datos de carácter persoal incorporándose ao expediente de selección e non será revelada a ningún estraño sen a miña autorización escrita.

Lin e acepto este formulario e dou o meu consentimento escrito para participar neste proceso de selección.

As Pontes de García Rodríguez, de de 2019

SR. ALCALDE DO CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ